



Universidade de Vigo Campus de Vigo

Diplomatura en RELACIONES LABORAIS

CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

DIPLOMATURA EN RELACIONES LABORAIS

Esta diplomatura pertence á Área das Ciencias Sociais e Xurídicas, e substitúe a Diplomatura de Graduados Sociais. A súa formación vai orientada cara ás materias laborais, xestión de persoal, organización do traballo, asesoramento, representación e xestión da todas as relacións laborais, polo que o campo de acción destes diplomados na empresa é moi grande. Os contidos destes estudos levan unha gran carga xurídica, social, de administración, economía e organización da empresa.

ESTRUTURA

Estes estudos son unha diplomatura, e, como tal, teñen só 1º ciclo, de tres anos de duración, e unha carga lectiva total de 202,5 créditos. Non se esixe realizar un proxecto de fin de carreira.

MERCADO DE TRABAJO

O paro nestes titulados non é moi alto de momento. Poden traballar como asesores laborais, tanto autonomamente como por conta allea, nas tarefas de asesoramento das relacións entre empresarios e traballadores, que pasan por planificar, desenvolver e xestionar a tarefa administrativa, a representación e a súa defensa, se procede. Por todo isto, faise imprescindible o seu labor conciliador entre partes enfrontadas por temas laborais. Acostuman estar en departamentos de persoal e recursos humanos, contratación de persoal e seguridade social.

TIPO DE ESTUDANTE

Estes estudos combinan a teoría e as prácticas internas coa posibilidade de prácticas en empresas, e para cursalos necesítase principalmente vontade de estudo. Ten que ser unha persoa que teña inquietude polas necesidades e problemas dos grupos sociais, sobre todo no referente a temas laborais. É xente preocupada polos valores éticos e morais.

ACCESO

A estes estudos pódese acceder desde:

- Todas as opcións de COU.
- Todas as opcións do bacharelato LOXSE.
- FP 2. Rama Administrativa e Comercial (A-U).
- M. prof. de nivel III da rama Administrativa e Comercial (A-L).
- M. prof. de nivel III da rama de Servizos á Comunidade (A).
- C. form. de grao sup. da rama de Actividades Físicas e Deportivas.
- C. form. de grao sup. da rama de Administración (todas as esp.).
- C. form. de grao sup. da rama de C. e Mercadotecnia (todas as esp.).
- C. form. de grao sup. da rama de Informática (todas as esp.).
- Técnico superior en Xestión do Transporte.

PASARELAS

Desde esta titulación pódese acceder, directamente ou mediante a realización de complementos de formación, a todas aquelas titulacións para as que soamente se esixe ter un 1º ciclo de calquera titulación ou calquera título de 1º ciclo.

PRIMEIRO CURSO

Disciplinas	Tipo	Créditos
Elementos de dereito público e privado	T	12
Historia social e política contemporánea	T	6
Socioloxía	T	11
Dereito do traballo I	T	6
Organización de empresas	T	11
Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais	O	4.5
Estatística	O	9
Economía política	O	4.5

SEGUNDO CURSO

Disciplinas	Tipo	Créditos
Dereito do traballo II	T	6
Dereito da seguridade social	T	10
Dereito sindical	T	10
Economía española	O	4.5
Contabilidade	O	9
Réxime fiscal da empresa	O	4.5
Dereito de sociedades e cooperativas	O	4.5
Socioloxía do traballo	O	4.5
Libre elección	LE	11

TERCEIRO CURSO

Disciplinas	Tipo	Créditos
Psicoloxía do traballo	T	9
Seguridade no traballo e acción social na empresa	T	11
Dirección e xestión de persoal	T	10
Prácticas integradas	T	12
Dereito administrativo	O	9
Dereito procesual laboral	O	9
Optativas xerais	OX	4.5
Libre elección	LE	10

OPTATIVAS XERAIS

Disciplinas	Tipo	Créditos
Introdución ás matemáticas financeiras	OX	4.5
Francés empresarial	OX	4.5
Inglés empresarial	OX	4.5
Análise contable	OX	4.5
Economía laboral	OX	4.5
Dereito galego público e privado	OX	4.5

Nota: a oferta específica de materias optativas xerais será determinada pola Universidade para cada curso académico.

Outorgaranse seis créditos de libre elección por:

Prácticas en empresas, institucións públicas ou privadas, etc.

Estudos realizados no marco de convenios internacionais subscritos pola universidade.

Outras actividades: cursos, seminarios, estudos nos conservatorios profesionais e superiores de música.

T Troncal **OX** Optativa xeral

O Obrigatoria **LE** Libre elección

OP Optativa obrigatoria

Ficha

Titulación	Diplomatura en Relacións Laborais
Centro	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
Ensinanzas	Primeiro ciclo
Nº de anos académicos	3
Curso de implantación	95/96
Data do B.O.E.	27/09/96

Créditos totais

Troncais	Obrigatorios	Optativos	Libre config.	Trab. fin. carr.	Totais
114	63	4.5	21	Non	202.5

Información

Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo

Campus de Vigo. As Lagoas, Marcosende

36310 Vigo

Tfno: 986 814 010 Fax: 986 814 011

Correo electrónico: sdfdev@uvigo.es

<http://webs.uvigo.es/cienciasxuridicasedotraballo>

Servizo de Extensión Universitaria. Sección de información (SIOPE)

Edificio Miralles - Praza de Enric Miralles

Campus de Vigo

36310 Vigo (Pontevedra)

Tfno. 986 813 630/ 755 Fax. 986 813 639

Correo electrónico: siope@uvigo.es

www.uvigo.es